



Rebekka
Salm

s cousas
polo nome

Tradución, posfacio e notas
de Laureano Araujo

EDICIÓNS

laiovento
LAIOVENTO

Narrativa

Rebekka Salm



Rebekka Salm naceu en 1979 en Liestal e medrou en Bubendorf, no Cantón de Basilea-Campo. Formouse en Estudos Islámicos e Historia nas universidades de Basilea e Berna. Actualmente reside en Olten, onde compaxina a vida familiar –é nai dunha filla– co traballo como columnista e docente na educación de persoas adultas. Dedicar os xoves á escrita, espazo que reivindica como tempo creativo propio.

Tras centrarse na narrativa breve, obtivo en 2019 o premio do Schweizer Schriftstellerweg pola súa historia *D'Eggsfrau*, incluída posteriormente na antoloxía *Das Schaukelpferd in Bichsels Garten*. En 2022 publicou a súa primeira novela, *Die Dinge beim Namen* (*As cousas polo nome*), que permaneceu durante varios meses na lista de libros recomendados pola radiotelevisión pública suíza SRF.

O Vollenweider

Á última hora do xoves, cando empurrou a porta de entrada do parque de bombeiros cara á noite sen estrelas, os pensamentos do Vollenweider estaban dous andares máis arriba, na sala de ensaios da sociedade musical. Alí acababa de introducir a trompeta no forro descolorido da caixa do instrumento. A carón del, o Tschudin, o carnicero da vila, axitaba a boquilla para sacarlle a auga de condensación. Parolaban sobre a escada agrícola, cos seus apoios graduábeis en altura, que o Tschudin lle quería pedir prestada por mor das follas mortas que tiña no canlón. Que a auga baixaba pola fachada e cruzaba o escaparate da carnicaría. Que aquilo era unha porcallada, dixo o Tschudin. E que se non facía algo axiña, na primavera ía ter que chamar o pintor. Ala, outro gasto! Que ao día seguinte quería ir recollela, a escada, durante a hora do xantar.

Así eran as cousas na sociedade musical. Alí todos se axudaban entre eles. A primavera anterior, cando o coche do Vollenweider arrastrara o tubo de escape polo asfalto, e a ferruxe e a corrosión por mor do sal estragaran o material, un colega da sección de barítonos ofrecérase a soldar un soporte. Sabía de máquinas agrícolas, e un coche, en comparación, non era gran cousa. Se alguén necesitaba bancos pregábeis e mesas para unha festa de aniversario, o Tschudin ía collelos ao alboio detrás da carnicaría, onde almacenaba o material para o seu servizo de celebracións. Se a instalación eléctrica se fundía, quen viña era Max, que era electricista. Non hai sitio onde Max non meta o seu cable, dicían antes de broma.

De maneira que agora era o Tschudin quen pedía prestada unha escada.

O Vollenweider cerrou de golpe ambos os pechos da caixa da trompeta. Ao redor, clics e ruídos dos pechos de gancho, illas de ferruxe alí onde o níquel se descascara. Xusto cando quería xirarse para marchar, o Tschudin colleuno polo brazo.

Desconcertado, o Vollenweider xirouse. O Tschudin non adoitaba tocalo.

—Ten coidado —dixo o Tschudin en voz baixa.

O que non puido facer o Vollenweider foi preguntarlle ao Tschudin que quería dicir. Este xa lle prestaba atención a Beat, que se apoiaba con desenfado contra un dos dous timbais. Era niso en que pensaba o Vollenweider cando saíu ao aire libre. Había nubes que, ao ritmo so seu alento, lle colgaban dos labios e volvían disiparse. Desde o aparcadoiro, Helen, da sección de frutas, preguntoulle berrando se quería ir tomar unha cervexa á tasca. O Vollenweider fixo un aceno negativo. Quería marchar para a casa. Ao saír do traballo fora directamente para o local da sociedade e aínda non tivera a ocasión de baleirar a caixa do correo.

O Vollenweider esperaba unha carta.

Había xa tres semanas que metera nun sobre amarelo un feixe de papeis mecanografados. Pasáralle a lingua ao sobre. Puxéralle o enderezo. Despois suxeitara o sobre debaixo do brazo e marchara en dirección á antiga oficina postal. Alí onde antes houbera mostradores enreixados, onde se pasaban cartas e billetes de banco por debaixo de cristais grosos, estaban agora os ramos e os centros de mesa da floraría de Helen. Había anos que na vila xa non tiñan unha oficina postal. Medidas de austeridade. Quen quixese enviar un paquete ou facer ingresos tiña que desprazarse até a vila veciña, e eran, ben a gusto, catro quilómetros. Alí estaba a única oficina postal que había no val. Porén, a caixa do correo que había onda a tenda de Helen —o logotipo da PTT¹ fora cuberto con pintura amarela e xa só se recoñecía como relevo— seguía en servizo. Se Beat, o carteiro, quería abrir a caixa do correo, tiña que entrar na floraría. A parte posterior da caixa do correo estaba xusto a carón das orquídeas, fixada contra os azulexos inzados de fisuras finas e

1 A PTT (Post-, Telefon- und Telegrafengebiete), a compañía de correos, teléfonos e telégrafos, foi substituída en 1998 por Die Post e Swisscom.

buratos de trade. Unha vez ao día abría a caixa coa chave mes-
tra e botaba as cartas na saca do correo de xute.

Daquela, Beat aproveitaba para ver se a súa muller estaba
a traballar.

Con quen estaba de lería.

Se xa marchara o provedor de flores de quen tanto falaba
ultimamente.

Daquela, Helen aproveitaba para ver se o seu home estaba
a traballar.

Se levaba posta a camisa limpa do uniforme, que ela lle
deixara preparada a véspera.

Se o alento lle cheiraba a cervexa xa antes do mediodía.

No cruzamento entre a Sappentenstrasse e o Birkenweg, o
Vollenweider quedou parado e asoou o nariz. O farol da rúa
titilaba e proxectaba unhas sombras trementes contra a fachada
da casa da esquina. Alí era onde tivera antigamente a consulta o
doutor Mundschin. O Vollenweider lembraba unha barba gris,
por debaixo da cal colgaba un estetoscopio ao redor do pescozo
engurrado do doutor. Tamén lembraba unhas esponxas húmidas
que, de pequeno, lle suxeitaran ao redor do pulso que torcera,
e mais un regulador que, dependendo da posición, deixaba co-
rrer máis ou menos electricidade polos cables que había entre o
aparello e as esponxas. Era case sempre máis que menos. Cada
vez, despois daquilo, podía arrancar a pel do pulso. Cando o
vello doutor da vila se xubilou, chegou un de fóra, un médico
novo que acababa de rematar a carreira. Intentou continuar coa
consulta. Un ano, iso foi que aguantou, e despois volveu desa-
parecer. Na vila, a xente confiaba máis en vendaxes de patacas
e en calcetíns de vinagre que nun pingallo de fóra.

O Vollenweider meteu o pano da man de volta no bolso
do pantalón, apañou a caixiña da trompeta e continuou o seu
camiño mentres pensaba no sobre amarelo e en como o metera

na caixa do correo que había onda o antigo servizo postal. E en como saudara a Helen a través da porta de cristal e en como ela lle fixera o aceno de entrar.

Ao Vollenweider gustáballe parolar con Helen.

Con Helen fora á escola.

Que como estaba, preguntara Helen, e que facía por alí. Que ía de camiño ao pomar, contestáralle. Que tiña que controlar que non houbera incendios. Mal asunto. Que non era de estrañar; despois de todo, nas últimas semanas non fixera máis que chover. Que no val do lado xa houbera os primeiros casos. Que foran cen árbores, ou máis, as que tiveran que tronzar alí. Que algo así podía levar un fruticultor á ruína, e tamén unha mancomunidade patricia². Que pola tarde aínda quería botarlles un ollo ás ameixeiras de Büeler, para podalas aquí e alí. Pero que antes aínda quería mandar aquela carta. Que se Beat xa pasara hoxe por aquí. Helen abaneara a cabeza e preguntara que carta era aquela, logo. Daquela, o Vollenweider fixera un aceno negativo. Nada importante.

Que iso era algo que afirmaba todo o mundo, dixera Helen rindo. Sobre todo cando era algo importante.

Aínda conversaran un cacho sobre os numerosos ensaios musicais que tiñan lugar xa dous meses antes do serán recreativo e se prolongaban moito máis alá das vinte e dúas horas, e sobre o Tschudin, a quen viran había pouco de camiño á casa de Chantal, de noite e con frío.

—Pobre pánfilo —dixera aínda Helen en ton burlón.

O Vollenweider déralle a razón. Ningún dos dous tiña mala intención. O que mantiña unida a vila na súa esencia, máis aínda que o escudo da vila ou o himno da vila, que cantaban

² A *Bürgergemeinde* (en francés: *commune bourgeoise*; en italiano: *patriziato*; en romanche: *vischnanca burgaisa*) é unha entidade de dereito público existente en aproximadamente a metade dos cantóns. Integrada por cidadás e cidadáns orixinais do lugar, ten atribuída tradicionalmente a conservación e a administración de bens patricios tales como os bosques. Non debe confundirse co concello, do cal forman parte todas as persoas empadroadas.

xuntos o 1 de agosto³ ou o *Banntag*⁴ no patio da escola, eran as historias como as do Tschudin e a súa muller rabuda.

Tamén o Vollenweider andaba na boca da xente. Por suposto que falaban del. Chamábano «o tío raro», «o trol», «o eterno solteiro».

Non ía desencamiñada, a xente.

O que máis lle prestaba era estar a soas no bosque. Ao Vollenweider gustáballe a compañía das árbores. As árbores estaban aí, dereitas ou ladeadas polo vento, pero sempre repousando en si mesmas. Baixo terra enviábanse sinais eléctricos entre elas, mantiñan unha rede de comunicación formada por micelios e raíces: a *wood wide web*. Se eran atacadas por parasitos, as árbores emitían sinais de advertencia. Así, o resto da comunidade forestal quedaba advertida e podía activar mecanismos de defensa.

As árbores –disto estaba seguro o Vollenweider– falaban entre elas e non sobre elas.

Pero un home non pode estar a soas entre árbores. Necesita as persoas. Por iso, o Vollenweider ía unha vez á semana á sociedade musical.

Non fora sincero con Helen.

A carta si era importante.

Desde que o Vollenweider sabía escribir, escribía. Antes con pluma estilográfica e en papel pautado, hoxe coa súa computadora entrada en anos. O Vollenweider escribía todas aquelas historias que lle comían os miolos como se fosen escoltados, sacábaas para fóra e retíñaas sobre papel bio de 80 g/m², libre de cloro: a finísima rebanda dunha árbore.

O suicidio do irmán.

3 O 1 de agosto celébrase a festa nacional ou federal da Confederación Suíza.

4 Nalgúns lugares, o *Banntag* é o día de maio en que a poboación percorre unha parte dos límites do concello para controlar que os marcos non foron movidos. Hoxe, esta tradición medieval xa só ten un carácter festivo.

O amor desgraciado por Sandra.

A morte prematura da nai.

As crueldades do pai.

Coidadosamente arquivadas e gardadas baixo chave na caixoneira do seu escritorio, as historias eran claramente menos dolorosas que na cabeza do Vollenweider. Iso xa era moito, pero non lle abondaba. Quería enfiar palabra tras palabra tras palabra até que os seus cordóns de palabras chegasen moito máis alá dos límites da vila. Quería escribir frases que se gravasen na conciencia doutras persoas, que a remexesen como as miñocas remexen o solo do bosque.

Durante todos aqueles anos, o Vollenweider soñara con publicar unha das súas historias, pero non se atrevera. Aos vilegos non lles gustaría. O que pasaba na vila ficaba na vila.

Pero tres semanas atrás, por fin, fixera de tripas corazón e mandara un dos seus textos percorrer o mundo. Naquel momento xa comprendera que era mellor chamar as cousas polo nome, contar historias, todas, tamén as menos bonitas. Aínda que un mesmo non saíse ben parado. Era posíbel que hoube-se persoas a quen a verdade lles resultase ferinte, e corriase o perigo de perdelas. O que era seguro era que calar a verdade conducía, antes ou despois, ao mesmo resultado.

Cando botara o sobre que contiña a súa historia na caixa do correo que había onda a floraría de Helen, quitara un peso de enriba, un peso do cal debera desfacerse xa moitos anos antes, igual que fai un cervo coa súa cornamenta ao final do inverno.

A partir daquel momento, o Vollenweider esperou a resposta da editorial. Esperou un contrato para o libro.

Despois mudaríase, construíría unha casa no bosque. Non no bosque que había ao redor da vila. Noutro bosque. Alí escribiría máis historias. Talvez, durante unha das súas presentacións, coñecese unha muller. Unha que lle fixese esquecer a Sandra.

Que idea tan feliz.

Que idea tan inquietante.

O Vollenweider fixo tintinar coa man esquerda o monllo de chaves no bolso da chaqueta. Buscou ás apalpadas a chave da casa, agarrouna e pensou na historia.

Capítulo 1

Era unha vez unha nena de pelo claro. Tan claro que era case branco.

O pelo caíalle ao longo do lombo miúdo e seguía baixando até cubrir o cinto. Tiña os ollos e as pestanas dunha vaca, a nena, e a boca doce e zumarenta, como morder cereixas Schauenburger maduras.

Non había mozo na vila que non a quixese para si. Pero a nena non se interesaba polos nenos. A nena interesábase polos peiteados con trenzas. Polos ramos de flores. Polos gatos do vello Lysser, que, de todos os talles e pelaxes, vagaban pola vila e gustaban de estomballarse no colo da nena.

Era febreiro de 1984.

Seis meses despois de que a nena empezase a súa formación como florista.

Un día despois de que a nena celebrase o seu décimo sexto aniversario.

A nena asistía cos pais ao serán recreativo da sociedade musical. Había moito que se extinguiran os ecos da última marcha cando un dos nenos maiores atraeu a nena cun pretexto para fóra do pavillón de deportes. Atraeuna lonxe da calor e das luces que pasaban a través das fendas das persianas que cerraban as fiestras. Os pais non lle deron moita importancia. Despois de todo, era un mozo formal que acababa de rematar a súa formación como electricista. E tamén o servizo militar. E ademais, que se supón que ían dicir? Non foran así eles tamén? Daquela, cando aínda eran novos?

O mozo tirou da nena e afastouna un pouco do pavillón de deportes, desde cuxo soto a música alta chegaba até arriba. Tirou dela até un beirado próximo que, apoiado sobre unhas columnas pintadas de amarelo, protexía da chuvia a entrada da escola.

Non chovía, aquel serán.

Ía frío de máis para iso.

A nena acompañou o rapaz.

As amigas da nena xa as mandaran todas para a casa, e os pais só falaban sobre a carnizaría e sobre as vacas maltratadas que ían tirando como podían na granxa de Chellenmatt e para as cales o disparo dun perno na tempa equivalía a un golpe de graza.

O Vollenweider escoitara ás agachadas aquela conversa sobre a granxa de Chellenmatt, a granxa de seu pai, mentres apiñaba vasos de cervexa baleiros na súa bandexa. Fixera moito ruído cos vasos, coa esperanza de que Sandra, que sentaba, aburrída, na súa cadeira, se fixase nel.

Os pais preguntábanse quen ía facerse cargo algún día do negocio cando eles mesmos fosen vellos. Aquilo incomodaba a nena, posto que sabía que os pais desexaban que seguise o exemplo deles.

Pero a nena non quería traballar xamais nunha carnizaría.

Entón, deixou que aquel mozo tirase dela. A maiores, era un mozo moi popular. Por detrás, as amigas da nena devecían por el. Polos seus ollos, que brillaban coa cor do regueiro de arriba.

Polas súas pestanas, que evocaban un trival dourado ao final do verán.

Pola súa boca, como as cuiñas suavemente curvadas do Xura.

Conque alí estaban, a nena e o rapaz, debaixo do beirado que protexía a entrada da chuvia, pero non das miradas indiscretas.

O rapaz bicou a nena.

A nena riu polo baixiño, soltouse del. Como un ioiío, deixouse envolver antes de intentar de novo escapar, por diversión, tan lonxe como o permitía o brazo estirado.

A nena non levaba posta chaqueta ningunha. Esta colgaba da cadeira no pavillón de deportes, ao lado dos pais.

O rapaz abrazou a nena.

—Para que non teñas frío —dixo. Ela nunca dixo nada.

Regula desenvolveu a toalla de rizo da cabeza de Sandra e con ela deulles uns toques ás orellas e mais á caluga para secalas.

A nai de Sandra non encanecera até moi pasados os sesenta anos. Ela tiña cincuenta e xa lucía o pelo branco.

Regula sorriu, insegura, e pasou os dedos polo pelo descolorido.

—Estás segura de que xa non queres tinxilo? Estás a tempo de cambiar de opinión.

Sandra abaneou a cabeza.

—A xente vai rexoubar —dixo Regula cun suspiro e colleu o secador.

Sandra sorriu.

—Seino.

ÍNDICE

As cousas polo nome.....	9
Rebekka Salm	
Posfácio	176
Laureano Araujo	